Consonte co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 20 da mesma Lei, e en uso das facultades concedidas polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigos 15 a 19 do xa citado RD Lexislativo 2/2004 ,este Concello establece a taxa pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e recreativos.

Feito impoñíbel.

Artigo 2º .

1. Está constituído pola realización, por persoas físicas ou xurídicas, de actividades socioculturais, deportivas e recreativas tanto en instalacións municipais coma concertadas.
2. Aos efectos da aplicación da taxa, a obriga de contribuír nace dende o momento en que se formaliza a inscrición nunha actividade e até que remate a mesma, agás cando formalicen a súa baixa na actividade en cuestión nos termos establecidos nesta ordenanza.
3. A baixa nunha actividade hase solicitar no Rexistro Xeral do Concello e non eximirá do pagamento do período impositivo correspondente (día, mes ou cuadrimestre) á data de formalización da baixa.

Suxento pasivo.

Artigo 3º .

Están obrigados ao pagamento da taxa por realización de actividades socioculturais, deportivas e de lecer:

1. As persoas físicas que formalicen a súa inscrición nas mesmas nos termos e condicións sinalados no artigo 2.2
2. As persoas físicas ou xurídicas que promovan a utilización dos locais municipais para calquera das actividades previstas nesta ordenanza.

Responsábeis.



Artigo 4º .

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria. A responsabilidade esixirse en todo caso, nos termos e consonte co procedemento previsto na nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

Cota tributaria.

Artigo 5º .

1. SERVIZOS SOCIOCULTURAIS, DEPORTIVOS E RECREATIVOS

1.1. Escolas deportivas no Pavillón Deportivo Municipal:

1.1.1 Tarifas.

Establécese unha matrícula por alumno/a de Escola de 8 euros para os empadroados/as en Ares, e de 15 euros para os non empadroados. Asimesmo as taxas por escola e mes son as que seguen:

Concepto	Categorías	Total
Escola deportiva no Pavillón (1,5 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	6,16 euros
	Adultos	9,24 euros
Escola deportiva no Pavillón (2 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	8,22 euros
	Adultos	13,53 euros
Escola deportiva no Pavillón (3 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	10,27 euros
	Adultos	15,40 euros

1.2. Escolas deportivas fóra do Pavillón:

1.2.1. Tarifas.

Establécese unha matrícula por alumno/a de Escola de 8 euros para os empadroados/as en Ares, e de 15 euros para os non empadroados. Asimesmo as taxas por escola e mes son as que seguen:

Concepto	Categorías	Total
Resto de escolas deportivas (2 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	8,22 euros
	Adultos	12,32 euros

1.3. Escolas culturais:

1.3.1. Taxas.



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

Establécense unha matrícula por alumno/a de Escola de 8 euros para os empadroados/as en Ares, en de 15 euros para os non empadroados. Asímesmo as taxas por escola e mes son as que seguen:

Concepto	Categorías	Total
Escola Cultural (1,5 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	6,16 euros
	Adultos	9,24 euros
Escola Cultural (2 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	8,22 euros
	Adultos	13,53 euros
Escola Cultural (3 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	10,27 euros
	Adultos	15,40 euros
Escola Cultural (4 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	12,32 euros
	Adultos	17,46 euros

1.4. Cursos puntuais e actividades deportivas e culturais:

Concepto	Total menores	Total adultos
Curso ou actividade de menos de 10 h.	5 euros	10,27 euros
Curso ou actividade de entre 10 e 20 h.	9 euros	14,38 euros
Curso ou actividade de entre 20 e 30 h.	12 euros	17,46 euros
Curso ou actividade de más de 30 h.	15 euros	20,54 euros

3. Inscrícionis

Artigo 6º

No momento de efectuar a inscrícion en calquera Escola Municipal ou actividade, deberá ordenarse a unha entidade bancaria a domiciliación do pagamento da taxa ou o pago por portelo mensualmente. Igualmente poderase autorizar o pago das taxas nalgún local destinado ó efecto previa autorización da Concellaría de Cultura e Deportes do Concello.

O abono familiar é unha modalidade de pagamento destinada a incentivar a participación dos membros da unidade familiar nas escolas deportivas municipais. Para elo establécense os seguintes reduccións:

Número de inscripcións	Desconto nas matrículas	Desconto na escola.
-------------------------------	--------------------------------	----------------------------



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

3 ou máis (unidade familiar)	50% en todas	50% na escola de menor importe.
Familia numerosa.	50% en todas	50% nas escolas.
Familias carentes de recursos económicos (previa comprobación por parte de Asuntos Sociais) ou casos particulares previo estudio.	100% en todas	100% en todas

Concertos fiscais

Artigo 7º .

Poderanse levar a cabo actividades conveniadas con Sociedades, Clubs ou Asociacións. As condicións de financiamento das Escolas incluídas nos Convenios que se establezan coas Sociedades, Clubs ou Asociacións, determinarase ao comezo de cada curso escolar.

Partidas falladas.

Artigo 8º.

Considéranse partidas falladas ou créditos incobrábeis aquelas cotas que non se puidesen facer efectivas polo procedemento de prema. Para a súa declaración instruirase o oportuno expediente, de acordo co establecido no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

Obriga de pagamento.

Artigo 9º .

As débedas por estas taxas poderán esixirse polo procedemento administrativo de prema, de acordo co establecido no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

Infraccións e sancións

Artigo 10º .

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 181 e seguintes da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e a súa normativa de desenvolvemento.

Dereito supletorio.

Artigo 11º.

Naqueles supostos non previstos pola presente Ordenanza, será de aplicación a lexislación vixente.

Disposición final.



A presente Ordenanza, que consta de 11 artigos, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor até que se acorde a súa modificación ou derogación.

PUNTO NÚM. 4.- INTEGRACIÓN NO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR SOCIAL.

Vista a proposta de integración do Concello de Ares, no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar Social, aberto o turno de intervencións, comeza o Sr. Alcalde, expoñendo que habíase quedado de facer un informe polo Sr. Secretario.

A continuación o Sr. Luis Cendán Fernández, expón que xa veu fai tempo e parecía que os Estatutos invadían a Autonomía Municipal. Considera que a incorporación é beneficiosa e en consecuencia vai a votar a favor.

Seguidamente o Sr. Rodríguez Doval, manifesta que fai un ano que pedimos a adhesión ó Consorcio. A Galescola e o Centro de Día, lle parecen temas moi importantes. Maifesta que perdeuse este mes, para pedirlle facer un informe ó Sr. Secretario, o cal remata dicindo "*Examinado-los Estatutos do Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e o Benestar, esta Secretaría non ve impedimento xurídico algúin para que o Concello se integre no devandito Consorcio*". O informe é favorable como non podía ser menos e parece que se quería dar largas a unha proposta do B.N.G. de integración no consorcio, matiza que hai 200 Concellos, integrados no consorcio, e considera que se trataba de non aprobar a proposta do B.N.G.

A continuación o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifesta que sendo Alcalde, fixeronse alegacións, pois entendía que os Estatutos na redacción que tiñan afectaban a autonomía Municipal, e así hoxe no Consultor ven unha opinión, de que os Estatutos inicialmente invadían a iniciativa Municipal, lembra que querían imponernos a un Xerente.

O Sr. Alcalde, resposta o Sr. Rodríguez Doval, que as súas interpretacións son subxetivas e non as comparte. Vostede puido incluir unha Moción para o Pleno e lembra que na Xunta de Portavoces, non anunciou nada, nin repartiu copias da Mocións ós grupos. No seu momento se quedou de tratar o tema nun próximo Pleno, e considera que puido haber vido antes pero vostede que é moi dado a pedir que as cousas queden pendentes, recorda que NAL pideu tempo, e lembra que vostede e dos que máis informes pide ó Sr. Secretario. Insiste o Sr. Alcalde en que non había intencionalidade de darrle largas a vostede.

Resposta o Sr. Rodríguez Doval, pidindolle ó Sr. Alcalde que non lle riña, o que contesta o Sr. Alcalde que non lle estou reñindo.

Finalmente interven o Sr. Rodríguez Doval, pregandolle ó Sr. Alcalde que lle deixe falar, e considera que pode opinar de todo, e aquí o debate era respecto á legalidade dos Estatutos do Consorcio, cando o B.N.G., pideu a integración no Consorcio.



Considerandose pola Alcaldía-Presidencia, suficientemente debatido o asunto, acto seguinte dase conta do informe do Sr. Secretario de data 3 de outubro de 2007, do seguinte teor literal:

"INFORME DE SECRETARÍA"

Estatutos Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e o Benestar.

Vista a petición da Alcaldía de data dous de outubro de 2007 pola cal se solicita informe desta Secretaría sobre integración do Concello de Ares no Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar e en virtude das funcións encomendadas a esta Secretaría conforme ao sinalado nos artigos 54 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, artigo 3 do Real Decreto 1174/1987, sobre réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional, cabe emitir nos termos establecidos no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2168/1986, de 28 de novembro, o siguiente Informe basado nos

HECHOS

FEITOS

PRIMEIRO.- Con data 27-09-07 o Concello Pleno decide a tramitación do correspondente expediente para a integración deste Concello no Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar coa Xunta de Galicia que encargaríase da consecución dos obxectivos que para a xestión dos servicios sociais de ámbito local establece o protocolo asinado o 24 de abril de 2006, entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Federación Galega de Municipios e Provincias.

SEGUNDO.- Como queira que é unha forma de prestación de servicios vai a remitirse ao pleno Municipal o referido expediente, e solicitase por parte da Alcaldía a emisión de informe ao respecto evacuándose pola Secretaría Xeral do Concello.

Aos seguintes feitos lle son de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O artigo 57 da Lei PRIMERO.-7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece que «La cooperación económica, técnica y administrativa entre la Administración local y las Administraciones del Estado y de las Comunidades Autónomas, tanto en servicios locales como en asuntos de interés común, se desarrollará con carácter



voluntario, bajo las formas y en los términos previstos en las Leyes, pudiendo tener lugar, en todo caso, mediante los consorcios o convenios administrativos que suscriban.

De cada acuerdo de cooperación formalizado por alguna de estas Administraciones se dará comunicación a aquellas otras que, resultando interesadas, no hayan intervenido en el mismo, a los efectos de mantener una recíproca y constante información».

Pola súa parte, o artigo 87 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local establece que «1. Las entidades locales pueden constituir consorcios con otras Administraciones públicas para fines de interés común o con entidades privadas sin ánimo de lucro que persigan fines de interés público, concurrentes con los de las Administraciones públicas.

2. Los consorcios podrán utilizarse para la gestión de los servicios públicos locales, en el marco de los convenios de cooperación transfronteriza en que participen las entidades locales españolas, y de acuerdo con las previsiones de los convenios internacionales ratificados por España en la materia».

A Lei non introduce novedades substanciais na materia, salvo a de manter a mesma denominación áinda no caso de que unha das entidades consorciadas non teña natureza xurídico-pública.

O artigo 196 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece:

1.- As entidades locais galegas poderán constituir consorcios locais coa Xunta de Galicia e con outras administracións públicas para fins de interese común ou con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público correspondentes cos das administracións públicas.

2.- O procedemento e as regras que deberán observar as entidades locais para a constitución dos consorcios locais e a elaboración dos seus estatutos, así como para a súa modificación ou disolución, serán os establecidos nos artigos 150 e seguintes desta Lei.

3.- O Consello da Xunta de Galicia poderá acordar que a Administración autonómica forme parte do consorcio local. Neste caso, e mediante tal acordo, designará un representante que pasará a formar parte da Comisión Xestora encargada da tramitación do correspondente expediente e da elaboración dos estatutos. Adoptados os seus acordos polas demais administracións públicas integrantes do consorcio local, mediante os que se aproben definitivamente os estatutos e a constitución da entidade local, o Consello da Xunta de Galicia aprobaraos, mediante decreto, que se publicará no Diario Oficial de Galicia xunto co texto íntegro dos estatutos.

SEGUNDO.- O consorcio é unha das formas de xestión dos servicios públicos locais e así o Consorcio constituido gozará de personalidade xurídica propia e distinta da das Entidades consorciadas, e terá plena capacidade xurídica de obrar, poidendo actuar na esfera de Dereito público e privado e, en consecuencia poderá adquirir, posuer, reivindicar, gravar, e enaxenar



bens de toda clase e obligarse, celebrar contratos, exercitar accións e excepcións e interpor recursos, así como exercer calesquera actividades que legalmente lle corresponda, referido todo elo ao ámbito para o que se crea.

Esta forma de cooperación entre entidades públicas de distinta natureza se caracteriza porque da lugar ao nacemento de novos entes de carácter instrumental, con personalidade xurídica propia, e que o acordo entre as partes plasma non un convenio bilateral, senon na aprobación dos Estatutos de dito ente. A figura nace no ámbito local como medio para unha mellor prestación de servicios públicos, superando o estreito e limitado marco municipal. Como sinala a STS de 2 de abril de 1979 (Arz. 1942), “la necesidad, en ciertos casos, de expansión fuera del término municipal ha sido tan apremiante y tan justificada que, se ha dicho, la institución consorcial ha surgido por generación espontánea, no apareciendo regulada hasta que se promulgó el reglamento de Servicios”. Dito Regulamento lles dedicou os artigos 37 a 40, dispoñendo no 37.1 que “las Corporaciones Locales podrán constituir Consorcios con Entidades públicas de diferente orden para instalar ou xestionar servicios de interés local”.

En iguais términos se regulan os consorcios no artigo 6.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico e do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas. A creación de consorcios non se vincula exclusivamente á finalidade de instalar ou xestionar servicios públicos, senon que, como sinala o artigo 69 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, as competencias compartidas ou concurrentes poderán ser ejercidas conjuntamente pola Administración do Estado ou das Comunidades Autónomas mediante a constitución de entes instrumentais de carácter público ou privado. Así, por exemplo, os Consorcios urbanísticos a que se refiren os artigos 7.3 y 12 a 14 do Regulamento de Xestión Urbanística.

En materia contractual a disposición adicional 9^a 5 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, sinala que os consorcios a que se refire o artigo 57 e 87 da Lei 7/1985, de 2 de abril “en los que la participación sea mayoritaria” adxudicarán os seus contratos conforme á citada Lei de Contratos.

TERCEIRO.- O artigo 110.1 do Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, sinala: «Las Entidades pueden constituir consorcios con otras Administraciones Públicas para fines de interés común o con entidades privadas sin ánimo de lucro que persigan fines de interés público concurrentes con los de las Administraciones Públicas.

2. Los Consorcios gozarán de personalidad jurídica propia.

3. Los Estatutos de los Consorcios determinarán los fines de los mismos, así como las particularidades del régimen orgánico, funcional y financiero.



4. Sus órganos de decisión estarán integrados por representantes de todas las Entidades consorciadas, en la proporción que se fije en los Estatutos respectivos.

5. Para la gestión de los servicios de su competencia podrán utilizarse cualquiera de las formas previstas en la legislación de Régimen Local».

Examinado-los Estatutos do Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e o Benestar, esta Secretaría non ve impedimento xurídico algúin para que o Concello se integre no devandito Consorcio.

O Consorcio é de carácter administrativo, polo que a súa actuación se rexirá polo establecido nos Estatutos e pola lexislación de Réxime Local sobre Consorcios e a normativa Administrativa en cada caso aplicable.

Finalmente suliñar que o acordo de integración require en base ao artigo 47.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local quórum da maioría absoluta legal do número legal de membros da Corporación.

O cal se deixa a calquera outro mellor criterio mellor fundado en dereito"

Vista a proposta da Alcaldía para a incorporación do Concello de Ares ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, o Pleno do Concello acorda por unanimidade, o que supón a maioría absoluta legal de membros da Corporación:

PRIMEIRO.- Aprobar a integración do Concello de Ares no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a sinatura do correspondente Convenio de integración.

SEGUNDO.- Aprobar os Estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (DOG do 7 de xullo de 2006).

TERCERO.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello para a execución de cants trámites sexan pertinentes para o bo fin de este acordo e, en particular, para a subscrición dos documentos pertinentes para a formalización e desenvolvemento da incorporación ao Consorcio.

CUARTO.- Designar como representante deste Concello nos órganos reitores do Consorcio a o Sr. Alcalde D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.

PUNTO NÚM. 5.- CESIÓN DE TERREOS PARA GALESCOLA.

Vista a proposta de Cesión de Terreos para unha Galescola, explica o Sr. Alcalde, que intentou gañar tempo e quedou en retirar o punto da Orde do Día, se o asunto non quedaba solucionado, e así o fai. Conseguintemente retirase o asunto da Orde do Día.



**PUNTO NÚM. 6. DAR CONTA DO INFORME DE SECRETARIA SOLICITADO
POLO PLENO SOBRE PARTICIPACIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS EN
TRIBUNAIS DE SELECCIÓN.**

Dase conta do Informe do Sr. Secretario que seguidamente se transcribe:

"INFORME DE SECRETARÍA

Asunto : Moción B.N.G. interesando participación de todos los grupos políticos de la Corporación en los tribunales de selección.

Entre las numerosas novedades aportadas por la Ley 7/2007, de 12 de abril, por la cual se aprueba el Estatuto Básico del Empleado Público, está el artículo 60 “Órganos de selección” que establece :

1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.
2. El personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual no podrán formar parte de los órganos de selección.
3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie.

A falta de doctrina en que se aborde, al menos en profundidad, la interpretación que debe darse al art. 60.2 del Estatuto, una primera interpretación, la más fácil, literal y extendida, ha sido considerar que el precepto legal dispone la exclusión de los miembros Corporativos, en cuanto “personal electo” de la composición de los órganos de selección de las pruebas para el acceso a la función pública.

La Exposición de Motivos del Estatuto señala que «En materia de acceso al empleo público ha sido preocupación esencial garantizar en la mayor medida posible la aplicación de los principios de igualdad, mérito y capacidad, así como la transparencia de los procesos selectivos y su agilidad, sin que esto último menoscabe la objetividad de la selección. [...] En particular se hace hincapié en las garantías de imparcialidad y profesionalidad de los miembros de los órganos de selección, para asegurar su independencia en el ejercicio de las potestades que les corresponden y de ahí, que, como es regla en otros ordenamientos, se establezcan determinados límites a su composición». De ahí que, cuando su art. 60.2 proscribe que el personal de elección o de designación política formen parte de los órganos de selección, deba entenderse que la prohibición alcanza a los representantes políticos de los ciudadanos, en aras a asegurar la imparcialidad y profesionalidad de los tribunales de selección. Entendiéndose que con estas palabras se está refiriendo y justificando la exclusión de los representantes políticos, en aras de asegurar la imparcialidad y profesionalidad de los órganos de selección.

Así, también se alega el concepto de funcionario político o electivo del Código Penal (Art. 24 Ley Orgánica 10/1995), aceptado por la jurisprudencia y entre los que se encuentran en el



ámbito de la legislación municipal los Alcaldes y Concejales con carácter de autoridad (SSTS de 11 de julio de 1928 y 25 de enero de 1994). También con anterioridad ya se había criticado la redacción dada al RD 896/1991, art. 4, f), al imponerse que el Presidente de los tribunales fuera el de la Corporación, estimando suponía la politización de los órganos de selección y de otra parte, era contraria a la normativa de selección de los funcionarios civiles del Estado. Incluso hay posturas, que justifican la exclusión invocando un nuevo “síndrome de Marbella”.

¿Significa este precepto que los miembros de las Corporaciones locales no podrán formar parte de los tribunales de selección?. A falta del desarrollo reglamentario que aclare la cuestión, parece ser que la respuesta es negativa a dicha cuestión.

La Resolución de 21 de junio de 2007, de la Secretaría General para la Administración Pública, por la que se publican las Instrucciones, de 5 de junio de 2007, para la aplicación del Estatuto Básico del Empleado Público en el ámbito de la Administración General del Estado y sus organismos públicos, reproduce el artículo 60 del Estatuto :

La entrada en vigor el 13 de mayo de la [Ley 7/2007, de 12 de abril, por la que se aprueba el Estatuto Básico del Empleado Público](#) (en adelante EBEP), aconseja dictar unas Instrucciones generales que contengan los criterios de interpretación necesarios para lograr una actuación coordinada y homogénea de los responsables de la gestión de los recursos humanos, fundamentalmente en relación con:

Preceptos del EBEP que están en vigor y por tanto son directamente aplicables en el ámbito de la Administración General del Estado y sus Organismos Públicos, así como preceptos de la normativa de función pública que permanecen vigentes hasta que se apruebe la Ley de Función Pública de la Administración General del Estado y sus Organismos Públicos (en adelante Ley de Función Pública de la AGE), en tanto no se opongan a lo establecido en el EBEP.

Determinadas materias del régimen de función pública respecto de las cuales el Estatuto introduce algunas novedades bien desde su entrada en vigor, bien una vez aprobada la Ley de Función Pública de la AGE.

A tal objeto, la Secretaría General para la Administración Pública, en ejercicio de las competencias que le están atribuidas en el artículo 8.a) del [Real Decreto 9/2007, de 12 de enero](#), dicta las siguientes instrucciones:

1. Normativa aplicable hasta la promulgación de la Ley de Función Pública de la Administración General del Estado



b) Composición de los órganos de selección (artículo 60):**b) Composición de los órganos de selección (artículo 60):**

Deberán respetarse las siguientes reglas:

No podrá formar parte de los órganos de selección el personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual.

La pertenencia será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie.

La composición de los órganos colegiados tenderá a la paridad entre mujer y hombre.

En la Administración Local, a diferencia de la Estatal, la legislación admitía la politización de los tribunales; y, ello, en base a que el Real Decreto 896/1991 dice que su composición será «predominantemente técnica» (art. 4.e, básico), lo que, a su juicio, permitía que en los tribunales haya políticos, representantes de los grupos políticos que componen la Corporación. No obstante, la doctrina consideraba un tremendo error tal politización.

En la Administración del Estado hace tiempo que se dispuso que los miembros de los tribunales no pueden ser políticos. El Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, dice que todos los miembros del tribunal, incluido el presidente, han de ser funcionarios de carrera (art. 11). Pero el legislador no ha sido tan claro para la Administración Local; y, ciertamente, al fijar en el Real Decreto 896/1991 una composición «predominantemente» técnica y no «exclusivamente», se dejaba la puerta abierta a que los miembros de la corporación accediesen a los tribunales calificadores.

La redacción del art. 60.2 del Estatuto no es lo suficientemente clara para que se pueda entender derogado el art. 4.e del Real Decreto 896/1991. Aunque autores sostienen que por «personal de elección» hay que entender que se refiere a los miembros de las Corporaciones locales, otros sostienen que la referencia al «personal electo» lo es a aquellos funcionarios de carrera cuyas funciones fueran en virtud de un mandato electoral, cual es el caso de los delegados de personal y miembros de las Juntas de Personal.

Puestos a dar una opinión, el funcionario que suscribe se inclina por considerar que los concejales ya no podrán integrar los tribunales de selección de los funcionarios, dado el carácter básico y de mayor rango del Estatuto.

Otro dato significativo es que el Grupo Popular, durante la tramitación parlamentaria del Estatuto, presentó una enmienda en la que se pretendía una redacción alternativa para el art. 60. La propuesta decía: «En la Administración General del Estado y en las Administraciones Autonómicas, el personal de elección o de designación política no podrá formar parte de los órganos de selección». Se justificaba la enmienda diciendo que atendiendo a las características especiales de la Administración Local se posibilita que sus representantes electos puedan formar parte de los órganos de selección. Pero esta enmienda fue rechazada por lo cual, *a sensu contrario*, queda clara la voluntad del Congreso de que no haya miembros de las Corporaciones locales en los tribunales de selección de personal.



En cuanto al Presidente de la Corporación, por las mismas razones, tampoco puede ser ya Presidente de los tribunales, pues él también es personal de elección. Motivo por el cual se debe entender también derogado el apartado f del art. 4 del Real Decreto 896/1991, que establece que el Presidente de los tribunales es el de la Corporación. Pero como la competencia para nombrar al tribunal sigue siendo del Alcalde, éste podrá nombrar a quienes considere que reúne las condiciones para ser miembros de los tribunales, atendiendo a los principios de imparcialidad y profesionalidad, así como se tenderá a la paridad entre mujer y hombre. Obviamente, el Presidente debe ser un funcionario y ya no se delegará esta función, sino que se le nombrará como al resto del tribunal.

Otro poderoso argumento para mantener esta tesis, es la relativa a la polémica planteada con la posible exclusión de los representantes de los trabajadores. Examinado el Diario de Sesiones referente al período de tramitación del Estatuto, se observa que en el mismo se aprueba una propuesta del Grupo de Izquierda Unida por la que se elimina la referencia a los mismos entre los excluidos, ya que inicialmente sí estaban dentro de los grupos de personas que quedaban excluidas, congratulándose por ello la representante de este grupo. Propuesta que se adopta en contra de lo establecido en el Informe de la Comisión de Expertos elaborado en abril de 2005, donde se recomendaba que “por ello, la Comisión propone que el Estatuto Básico establezca de manera expresa que la composición de los órganos de selección de empleados públicos de todo tipo debe ajustarse a estrictos criterios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, excluyéndose en todo caso de formar parte de ellos el personal de elección o designación política, comprendido el personal eventual, representantes de los sindicatos, órganos unitarios de representación del personal o asociaciones que ejerzan funciones representativas de los empleados públicos, personas que hayan intervenido en la preparación de los candidatos y todas aquellas afectadas por causa de abstención o recusación”.

Por tanto, y pese a lo dicho por los expertos, siendo aplicable este artículo de manera inmediata, conforme lo dispuesto en la disposición final cuarta, debe causar efectos tras la entrada en vigor de la Ley, lo que supone que los miembros electivos quedan fuera.

Finalmente cabe señalar que el artículo 4 del Real Decreto 896/1991, de 7 de junio, de reglas básicas y programas mínimos del procedimiento de selección de los funcionarios de Administración Local, que establece en su letra f) la necesidad de que haya cinco miembros en los Tribunales. Que el Presidente lo será el de la corporación, o miembro en quien delegue, y que entre los vocales deberá haber un representante de la Comunidad Autónoma. Sobre este artículo 4 queda claro que ha sido derogado el primer inciso referido al Presidente de la Entidad, que este, es obviamente, un cargo electivo. ”

Concedida a palabra ó Sr. Secretario, explica brevemente que a interpretación más amplia, extendida e literal é a de que os órganos políticos non poden formar parte dos órganos de selección. Sendo moi explicativas duas emendas do Grupo Popular e do Grupo de Esquerda Unida, a primeira rexecitada e a segunda aprobada que querian aclarar este aspecto, así como a propia Lei que cita ó Dereito comparado como modelo a seguir e no cal seguese o



sistema de excluir ós membros Políticos dos Organos de Selección. Tamén deducese esta exclusión do informe do grupo de expertos sobre a reforma que antecedeu ó libro blanco da Función Pública.

Seguidamente intervén o Sr. Rodríguez Doval, expoñendo que hai outras interpretacións e lle preocupa o resultado do que está pasando, estan pasando cousas raras, e recalca que os cargos electos non somos persoal electo, somos cargos públicos. O sistema actual da resultados perversos e reitera a súa petición de solicitar outro informe.

A continuación ó Sr. Luis Cendán Fernández, manifesta que a intencionalidade da Lei é clara: os membros de designación política non poden formar parte dos órganos de selección, e por eso unha emenda do Grupo Popular para aclarar este tema na tramitación parlamentaria e foi rexeitada. Desde a práctica ó mellor hai unha saída, aínda que a intencionalidade da Lei como dí o Secretario está moi clara, en todo caso preguntase como abordan esto noutros Concellos, e sinala que prefiro equivocarme eu e non outros. Hai unha responsabilidade e insiste en que prefiro equivocarme eu mesmo. Debemos buscar unha formula e se non a hai aguantamos. Insiste en que el é partidario, non obstante de que os representantes políticos estemos presentes. O informe do Sr. Secretario é claro e o respeta.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, manifesta que acata o informe do Sr. Secretario, pero propón buscar formulas de participación, vendo como fan noutros Concellos e contrastar sistemas.

O Pleno da Corporación dase por enterado.

PUNTO NÚM. 7.- INTEGRACIÓN NO FONDO GALEGO DE SALIDARIEDADE.

Vista a proposta do "Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade" orientada a contribuir dende o noso propio ámbito ó desenvolvemento dos países do Terceiro Mundo, mediante a creación dun fondo económico que financie proxectos de axuda ós países en vías de desenvolvemento e campañas de sensibilización en Galicia sobre a cooperación e a solidariedade internacional.

Aberto o turno de intervencións, explica o Sr. Alcalde que no seu día xa formabamos parte do Fondo Galego de Solidariedade, pero deixamos de formar parte.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, explica que sendo Alcalde, deixamos de pagar ó Fondo, porque todo o mundo pide aportacións; Alltzeimer, etc., e consideraba que ou se regulaba o tema ou ía ser un caos.



O Sr. Alcalde insiste en que xa formabamos parte do Fondo, así como gran parte dos Concellos de Galiza, para participar en Campañas de desenrolo do 3º Mundo, a cuota é de 400 euros.

A continuación o Sr. Luis Cendán Fernández, expón que prefiriría que fose este tema a Comisión Informativa, pois se adquieren unhos compromisos, e recalca que non vou a cuestionar este Fondo, pois a todos nos interesa, insiste en debatilo, nunha Comisión Informativa de Sanidade.

A continuación o Sr. Alcalde, explica que a cuota vai en función do número de Socios, e recoñece que me esquencin de levala á Xunta de Portavoces, e pregunta ¿se o retiramos?

O Sr. Rodríguez Doval, manifesta que xa estivemos integrados, e tratase de normalizar, unha situación. Esto non é unha ONG, e moito máis. Considera que esto é un tema procedural, e haberse si nos vai a vida ó Concello, pola cuota. E máis ter un debate por unha cuota de 400 euros.

O Sr. Luis Cendán Fernández, manifesta que xa se pronunciou sobre a proposta e insiste nos compromisos económicos que se poden adquirir, e preguntase que problema hai en levalo tema a unha Comisión Informativa.

O Sr. Alcalde, reitera que Ares formaba parte pero deixou de pagar, e parecíame forte dar orde de pagar, áinda dada a escasa contía e non dicir nada ó Pleno. Estima que debe quedar para a Xunta de Portavoces.

Finalmente intervén o Sr. Manuel Cendán Fernández, insistindo en que debense regular estos temas e debemos dar algo a todos.

E consecuencia a Alcaldía procede a declarar o asunto pendente ou sobre a Mesa e que pase á Xunta de Portavoces.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

PUNTO NÚM. 8.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resoluciós adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.



Acto seguinte, e antes de pasar ó punto de Rogos e Preguntas, polo Sr. Alcalde, preguntase ós Portavoces dos Grupos Municipais, se teñen algunha Moción para someter á consideracion do Pleno pola via de Urxencia. Presentandose pola Alcaldía Presidencia ó seguinte asunto:

O Alcalde xustifica a urxencia, expoñendo que hai unha subvención para un novo Plan Xeral e o prazo remata o día 31. O tema era darlle respaldo á solicitude.

Sometida a votación a ratificación da urxencia a mesma, é ratificada por unanimidade, o que supón a maioría absoluta legal.

Vista a Orde do 20 de abril de 2007, pola que se regula a concesión de subvencións aos Concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, o Pleno do Concello en votación ordinaria por unanimidade acorda:

1º.- Prestar aprobación a Memoria Valorada redactada ó efecto.

2º.- Solicitar unha subvención de 176.487,76 Euros ó abeiro da antedita orde.

Sometida a votación a petición o Concello por unanimidade acorda ratificala.

PUNTO NÚM. 9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Aberto o turno de rogos e preguntas, comeza ó Sr. Rodríguez Doval, expoñendo que hai unha moción do BNG sobre a situación da Inspección Educativa en Ferrol, e quedouse que pasaría a Comisión Informativa. Pregunta ¿como está a mesma?, pois esta Moción foi no mes de Xullo e debería pasar a unha Comisión Informativa.

Resposta o Sr. Alcalde, que o asunto se trataba dunha xubilación e o tema solventouse. Fixen xestions e a Consellería informoume que non se perdía dito posto.

O Sr. Manuel Cendan Fernandez, fai os seguintes rogos e preguntas:

a) o Punto limpo o tiñamos aprobado, no ano 2005, e estamos pendentes do Concello de Mugardos, ía ser unha vía experimental: exisir ós promotores que soterrén os contenedores, e considera que a Plazoleta de Cortiñas Gil está ben situada.

b) Denunciachedes o contrato de aforro enerxético: A única Consellería que se portou ben con Ares, foi Industria, e cita como exemplo o Mercado. Estima que debemos ser responsables, e con esta postura non nos van a dar máis subvencións. Debemos facer un esforzo e recalca que felicitou ó Sr. Delegado polo apoio.



Resposta o Sr. Alcalde que os contratos con Coruñesa de Aforro enerxético eran unhas cantidades enormes con pouca aportación de Industria e sin ter consignación para a aportación Municipal.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, manifesta que tiven que asinar o contrato para non perder subvencións que benefician os veciños e intenteir quitar adiante o orzamento cousa que non puiden ó estar solo.

O Concello de Ares, podelle facer frente ás aportacións municipais, e considera que pode se pedir unha ampliación dos prazos.

Resposta o Sr. Alcalde que a aportación municipal son cento dez mil euros, e parecíame unha situación de risco afronta-la, para o ano que ven o presupuestaremos e o explicaremos e considera que non se deberían asinar os contratos. Non podo seguir coas obras se a Tesoureira me di que non hai cartos no orzamento.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, lembra que cando chegou a Alcaldía a alumado do pobo era moi deficiente.

O SR. Alcalde expón que a empresa levou a cabo unha obra de setenta mil euros que está certificada e non temos constancia de que este efectivamente feita, e pregunta ¿como pagar unha obra que non se fixo?. O prudente era paralizar o pago pois trinta millóns de pesetas non se poden certificar alegremente.

O SR. Manuel Cendán Fernández, expón que non so se certifica se non que tamen ven Industria e fai unha Inspección.

O Alcalde resposta que o tema se retomará no seu momento.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, expón que na praza do Concello vello, hai un problema coas arbores.

Resposto o SR. Alcalde que a actuación é unha reparación da praza. No novo Proxecto verase o que se vai facer.

O Sr. Rodríguez Doval, expón con relación ó convenio con Politica Territorial, pregunta ¿se se trata de pistas forestais? e pide un seguimento das mesmas e sinala que a estrada de Montefaro a Casa do Enxeñeiro cando chove é tremendo, e pide que se aproveiten as obras de Enxeñería: taxeas.

Resposta o SR. Alcalde que son 8 e se van a limpar.

O Sr. Rodríguez Doval, en relación coas subvencións expón que en Comisión Informativa se informou de que estaban pendentes do expediente de modificación de créditos.



O 8-11-07, ve as subvencións que se concederon a Entidades antes das subvencións xerais e recorda que estamos case en novembro e corre presa.

Expón que se me pideu a comparecencia nun expediente incoado a persoal do Concello e aportei datos, e pregunta como está o tema.

Tamén pregunta e queria saber en relación a un acordo adoptado en Pleno pedindo unha subvención para as torretas de alumado para o campo de fútbol, ¿se tiña coñecemento da negativa xa?. Si se sabia foi un gol. A Delegada Provincial falou persoalmente co Alcalde e así expresouno.

O SR. Alcalde resposta, ¿onde está a Resolución?. En relación as subvencións as mesmas foron adoptadas en Xunta de Goberno, e había que afrontalas porque era actuacións urxentes polas Festas do Carme, etc. e tivemos que resolver inmediatamente pois non admitian demora. Sobre o Clube de Remo o mesmo necesitaba unha traiña e se subvencionou con 6000 euros e así pasou coas Comisións de Festas. Foi no exercicio das competencias propias.

En relación á comparecencia, por uns feitos manifestados por dous portavoces abreuse un expediente informativo, e agora estamos pendentes do informe da Policia que aínda non respostou, o asunto non está pechado. Tamén estamos en fase de recabar datos.

En relación coas torretas de alumado do campo de fútbol, cando se asumiron as mesmas, falei coa Delegada, e non me respostou nin que si nin que non. A semán seguinte outra vez me di que está sen resolver, e loxicamente tería que falar cun Subdirector Xeral, ou a Secretaria Xeral para o Deporte, eu queria ter un respaldo de todos os grupos, e de todas estas xestións non volvin a ter resposta e estou canso de enviar FAX, sendo o único que me ofreceu unha Axuda o Sr. Presidente da Excma. Deputación, ofrecendome ata sesenta mil euros. A Delegada ultimamente me atendia por medio do seu Secretario, e recoñece que non é fácil pois ten que falar con máis xente, e insiste nos FAX remitidos sen ter contestación, insiste que non teño cita nin resolución, e esta non existe ou non foi notificada. Sorprendeme esto. Vostede podería insinuar o que fixo pero non sen razón, en cambio si é certo que o Presidente si me contestou.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, expón que a Diputación foi a alternativa que propoñía o P.P. non che quedou máis remedio e o acepta.

O Sr. Luis Cendán Fernández, manifesta que lle preocupa a concesión de subvencións efectuada, e recoñece que hai temas de urxencia, pero que hai que ter rigor presupuestario. Si o clube de Remo, necesita cartos hai un procedemento e se se lle da a alguen queda outro sen cartos.

En relación ó orzamento do ano 2007, recorda que había un desfase de 1,5 millóns de euros de difícil amanu. En relación coa subvención á Comisión de Festas do Mar, o admito e non admitía demora, e recorda que eu propuxen no seu día que se fixaran cargo de todas as festas. Insiste no rigor presupuestario e entende que hai casos excepcionais, e en relación coas



obras de Coruñesa de Aforro Enerxético, eu as rechacei. En relación ó orzamento, insiste que non se aprobou por falla de encaixe e lle roga ó Sr. Alcalde que medite posto que as veces as partidas non chegan. Os acordos adoptados son nulos de Pleno Dereito.

Leidos os Xornais sobre o saneamento da Ría pregunta se comenzaron as negociacions e como está o Camiño do Cemiterio, pois considera que é un Camiño privado.

Resposta o Sr. Alcalde, que para as subvencións había partida, e para a inauguración do Concello se gastou o que se quixo e eu non vou a permitir que os Aresanos se queden sen Festas. Non hai rigor presupuestario pero si xustiza.

O Sr. Luis Cendán Fernández, expon que ó igual que o Carmen hai outras Comisións de Festas que necesitan cartos.

O Sr. Alcalde en relación co saneamento da Ría, manifesta que é unha inversión record por parte da Xunta de Galicia: 87 millóns de euros. En ningún Municipio de Galicia se fixo eso. É un record do Guinness. En relación co campo de fútbol, é unha actuación en zona non urbana e estase falando cos veciños do lado derecho, cos que non hai problemas, e os do lado esquerdo estase negociendo. Non lle pareceu oportuno presionar como foi o caso cando teñen unha persoa no hospital. Eso non quiere decir que exista desacordo. En relación co saneamento o mesmo está en fase de anteproxecto e é prematuro falar cos veciños, e por parte da empresa PROYFE, estase procedendo á identificación das parcelas, empresa que levará a xestión expropiatoria que afecta a máis de 600 parcelas.

O Sr. Luis Cendán Fernández, expón que o proxecto de Chaneiro xa estaba feito.

O que resposta o Sr. Alcalde, que PROYFE está traballando sobre o proxecto feito.

O Sr. Luis Cendán Fernández, pregunta se a Xunta pon un prazo.

O que resposta o Sr. Alcalde, que en proxectos supramunicipais hai medios que permiten facer a obra inmediatamente.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as catorce horas e dezanove minutos do día ó comienzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,